



MIKE STEELE, CONSULTOR LEITEIRO E DIRECTOR DE INSPIRE CATTLE SOLUTIONS



“Aínda se pode gañar moito valor con proxectos dirixidos a mellorar a xestión da recría”

Na dilatada traxectoria profesional de Mike Steele (Brighton, 1969) combínanse a paixón pola gandería e o pracer de enfrontarse a novos retos, circunstancias que o levan a fundar en 2018 a empresa de consultoría Inspire Cattle Solutions. Nesta entrevista, Steele dános as claves para lograr unha recría exitosa e fala dos desafíos do sector lácteo británico e europeo para os próximos anos.

Como ves o sector lácteo actual?

Nunha época de proliferación de alternativas lácteas de arroz, amendoas e coco, pode parecer que os nosos produtos lácteos “xenuínos” están a pasar de moda. O *marketing* é un grande altofalante para estas novas propostas, pero teño a seguridade de que os produtos lácteos persistirán. Cunha poboación que superará os 9 billóns en 2050 e un

crecente número de consumidores con ingresos “medios”, os seus hábitos evidencian que demandan diferentes opcións nas súas fontes de alimentos. A proteína terá unha gran demanda e os produtos lácteos poden afrontar este desafío con orgullo. O leite ten proteínas de alta calidade e facilmente dixeribles, pode ter compoñentes saudables con ácidos graxos omega e pode presumir das

vitaminas A, B, D, E e K, así como do calcio esencial. Poucas bebidas atopamos no supermercado que nos proporcionen todo isto nun vaso.

Os nosos produtores e consultores están traballando arduamente para mellorar a calidade do leite: a vida útil das vacas aumentou enormemente e a mastite está diminuindo nas granxas con bo manexo. Podemos compracernos de elaborar un produto de alta calidade e, ao aumentar os protocolos de rexistro e monitoreo, as nosas granxas estanse volvendo moito máis eficientes e con mellores resultados de benestar para os animais que coidamos.

A que retos deben facer fronte as granxas a medio e longo prazo?

O gran desafío para o futuro será aumentar a eficiencia e reducir a nosa pegada de carbono, o uso de auga e os residuos de antibióticos. Con frecuencia, a dispoñibilidade de terra limita a nosa subministración de forraxes e grans e, consecuentemente, o noso número de vacas. Por tanto, para mellorar as marxes deberemos ser máis eficientes co que xa temos, reducindo o estrés por calor, maximizando a inxestión de materia seca mediante a optimización da alimentación e o acceso á auga, reducindo os riscos de enfermidades e asegurando que se cumpran os obxectivos reprodutivos. Só facendo que as nosas granxas sexan máis eficientes poderemos sobrevivir nun futuro cunha dispoñibilidade de terras limitada.



▶ “SÓ FACENDO QUE AS NOSAS GRANXAS SEXAN MÁIS EFICIENTES PODEREMOS SOBREVIVIR NUN FUTURO CUNHA DISPOÑIBILIDADE DE TERRAS LIMITADA”

Polas túas publicacións recentes, sabemos que a xestión da recría será un tema importante para os vindeiros anos. Cales son os principais obxectivos para alcanzar o éxito nesta fase?

A recría supón un dos maiores custos nas explotacións leiteiras: a cría das

xovenca representa arredor do 20-25 % dos custos totais e o 50 % deses custos son de alimentación. Con demasiada frecuencia isto pode verse como diñeiro “perdido” e o produtor esquece que se trata dun investimento a futuro para o seu negocio. Cada xovenca debería mellorar a xenética

da xeración anterior e, en teoría, ser máis eficiente, máis produtiva e máis rendible que a vaca á que substitúe. Por tanto, débese prestar atención para garantir que se cumpran os obxectivos de crecemento e inseminación, e todo iso verase compensado a longo prazo. ▶▶

figan 2019

FIGAN, ZARAGOZA
PAB.4 D062

¡ESTAMOS
ALLÍ!



ALMA PRO

¡SALUD A SIMPLE VISTA!




- ◆ Flexibilidad = alimentación sin horario
- ◆ Manejo sencillo: por medio de pantalla táctil, smartphone o ordenador
- ◆ Terneros sanos = más ganancia

TÉCNICA DE ALIMENTACIÓN especial para terneros y corderos



Vuestro contacto en España:
Comercial Boimil ◆ Pablo Facorro
699 937 763 ◆ urbanonline.es



▶ “CADA XOVENCA DEBERÍA MELLORAR A XENÉTICA DA XERACIÓN ANTERIOR E, EN TEORÍA, SER MÁIS EFICIENTE, MÁIS PRODUTIVA E MÁIS RENDIBLE QUE A VACA Á QUE SUBSTITÚE”

En que aspectos concretos debemos incidir?

Cando se elabora calquera produto é importante mirar a cadea de valor, é dicir, identificar os puntos específicos do proceso que achegan un valor directo ao negocio. A cría de xovencas non é unha excepción e, na miña opinión, os puntos de valor son os seguintes: reducir as mortes fetais; mellorar a taxa de crecemento á desteta; mellorar a taxa de crecemento ata o momento da inseminación e lograr o 66 % do peso dunha vaca adulta entre os 13 e os 15 meses, tendo en conta que unha xovenca pare con arredor do 85 % do seu peso adulto aos 24 meses; mellorar a taxa de crecemento ao parto e a preparación para a lactación.

En cada unha destas etapas inflúen varios factores. A intervención ao nacer, se non hai progresos cada dez minutos, reducirá as taxas de morte fetal. Asegurar a inxestión de colostro ao 10-12 % do peso corporal ás cero horas e 6-12 horas máis tarde maximiza a transferencia inmunolóxica. Isto pode mellorar o crecemento ata a desteta ata nun 10 %. Economicamente, é beneficioso separar o xato da nai antes das 24 horas desde o nacemento: as vacas que amamantan as súas crías poden chegar a producir ata 14 kg menos de leite/día á desteta. Ademais, as taxas de crecemento ata a desteta poden ser mellores en xatas amamantadas, pero o crecemento posterior é maior nas xatas alimentadas con leite ad libitum ou substitutivo e separadas ao nacer. As taxas de enfermidade non mostran diferenzas entre os xatos separados ou aleitados, excepto a enfermidade de Johne, para a cal resulta máis favorable separalos ao nacer.

Que metas de crecemento nos debemos fixar?

O crecemento debe alcanzar obxectivos definidos: unha Holstein adulta de segunda lactación e 650 kg andarás polos 540 kg no momento do parto. O 66 % disto dános un peso de entre 360 e 410 kg cando se insemina aos 13-15 meses. Por tanto, como a xestación é de 9 meses, necesita unha ganancia de 0,5 kg/día desde a inseminación ata o parto. Para alcanzar 400 kg aos 15 meses necesitanse ganancias de 0,7-0,8 kg/día desde a desteta ata a inseminación. Co fin de lograr estas demandas débese-lles fornecer unha proteína crúa de alta calidade ao 16-18 % e ao redor de 2,45-2,6 Mcal (10,6-10,8 MJ) de enerxía metabolizable (EM). Reducir a proteína bruta ao 15-16 % despois da inseminación é aceptable para conseguir o obxectivo de 0,5 kg/día ata o parto. Definitivamente, non fagades o que lle escoitei dicir a un

gandeiro recentemente cando vin un pouco de silo podre na parte superior da súa pinza: “Oh, pódolles dar isto ás miñas xovencas!”. As xovencas son o futuro, criádeas con sabedoría!

Cales serán os efectos a longo prazo?

A idade ao primeiro parto é a proba definitiva da optimización da xestión da recría. Canto máis nos achegemos aos 22-25 meses, mellor será a nosa economía. Non alcanzar ou superar este tempo reduce a produción de leite e a capacidade de supervivencia ao segundo parto. Non obstante, dous informes de granxas do Reino Unido que incluían 7.442 rabaños concluíron que a media de idade ao primeiro parto era de 29 meses, chegando a un máximo de 32. Na miña experiencia, no resto de Europa ocorre o mesmo; por tanto, aínda se pode gañar moito valor con proxectos dirixidos a mellorar a xestión da recría. ▶▶



A EVIDENCIA CIENTÍFICA, NA BASE DA SÚA CARREIRA PROFESIONAL

Despois de graduarse como veterinario na Universidade de Bristol en 1999 e de exercer a profesión en Irlanda do Norte e Inglaterra, en 2006 retorna á universidade como docente para ensinar Ciencias de Animais de Producción. “Conectar coa mente aberta dos estudantes foi inspirador e impulsoume a estudar a ciencia para apoiar cada decisión, en lugar de basearme nas miñas propias experiencias”, explica. Así, escribiu o primeiro curso de cinco anos sobre medicina veterinaria baseada na evidencia, o cal agora é o curso de referencia do Royal College of Veterinary Surgeons (Real Colexio de Veterinarios de Reino Unido) e se estendeu tamén ás escolas veterinarias canadenses.

Desde 2011 ata 2018 traballou como consultor lácteo e asesor de equipos de *marketing*, investigación e desenvolvemento nunha multinacional farmacéutica, o que o levou a moitos países do

mundo e lle permitiu coñecer diferentes sistemas de produción, desde granxas de dúas vacas en Uganda ata macrogranxas de 4.000 en Wisconsin (EE. UU.). Desenvolveu proxectos relacionados coa redución do risco de cetose, de estrés por calor, de mastite, optimización da recría etc., experiencias que lle axudaron a entender as similitudes nas necesidades dos gandeiros: todos queren que os seus produtos sobrevivan nun medio cada vez máis difícil, marcado por condicións máis intensivas con maiores demandas de eficiencia ambiental e redución de antibióticos.

Con esta premisa, a de atopar solucións a estes desafíos globais, crea a empresa Inspire Cattle Solutions, na que ofrecen servizos de asesoría a granxas, cooperativas e industrias lácteas de calquera parte do mundo co obxectivo de optimizar os investimentos dos seus clientes, centrándose nas súas necesidades específicas e proporcionándolles un valor directo.



Elanco

DÍA 60 EN LACTACIÓN

UNA CARGA
DE ENERGÍA.
-74% DE CETOSIS¹.

THE
VITAL
90

The Vital 90™ Days

Final de la lactación | Secado | Parto | Postparto | Pico de lactación |

DÍAS

-60

-20

0

20

30

En promedio, alrededor del 30% de las vacas se someten a cetosis subclínica². Algunos bovinos corren más riesgo de desarrollar cetosis con respecto a otros: vacas gordas⁶, debilitadas⁷ o viejas⁸.

Aumente la energía disponible para las vacas en riesgo durante los 90 días Vitales y obtendrá:

- 74% de reducción de cetosis¹
- 257 € ahorrados por vaca sin cetosis⁴
- 25-40% de reducción en el uso de antibióticos³

Garantice a sus vacas un comienzo óptimo en el post-parto⁵, consulte con su veterinario.

RECARGA

ENERGÍA

Para más información visite www.vital90days.es

1. CVMP assessment report of an application for the granting of a community marketing authorization (EMA/V/C/002235). 2. Berge AC, Vertenten G (2014). A field study to determine the prevalence, dairy herd management systems and fresh cow clinical conditions associated with ketosis in western European dairy herds. J Dairy Sci 97(4), 2145-54. 3. Raboisson D, Barbier M, Maigne E (2016) How metabolic diseases impact the use of antimicrobials: a formal demonstration in the field of veterinary medicine PLoS One 11(10). 4. Raboisson D, Mounie M, Khenifar E, Maigne E (2015) The economic impact of subclinical ketosis at the farm level: Tackling the challenge of over-estimation due to multiple interactions. Prev Vet Med 122(4):417-25. 5. McArt JA, Nydam DV, Overton MW (2015). Hyperketonemia in early lactation dairy cattle: a deterministic estimate of component and total cost per case. J Dairy Sci. 98(3):2043-54. 6. Duffield 2000. Subclinical ketosis in lactating dairy cattle. Vet. Clin. North Am, Food Anim. Pract. 16: 231-253. 7. Mulligan, O,Grady, Rice, Doherty 2006.A herd health approach to dairy cow nutrition and production diseases of the transition cow. Anim. Repr. Sci. 96: 331-353. 8. Rajala-Schultz, Grahn, McCulloch 1999. Effect of milk fever, ketosis and lameness on milk yield of dairy cows. J. Dairy. Sci. 82: 288-294.



Os cambios na xestión e os avances tecnolóxicos, coma o seme sexado, deron lugar a debates cada vez máis frecuentes sobre a carga de substitución óptima nas granxas. É algo do que nos deberíamos preocupar?

Unha pregunta interesante! A resposta é NON. Non vos preocupedes de mellorar a vosa xenética e si da eficiencia do voso rabaño! O reto é adoptar unha política de selección realista e a clave está en coñecer o valor de cada efectivo do rabaño. As xovencas teñen rendementos máis baixos na lactación temperá pero, debido á persistencia da súa curva de lactación, igualan e superan os animais múltiparos na lactación tardía. Na seguinte lactación, o seu potencial xenético é teoricamente mellor, polo que o valor que achegan é superior ao dun animal de terceira lactación. En definitiva, debemos ser máis críticos coas vacas múltiparas de menor produción. O sacrificio dunha vaca múltipara con altos recontos celulares na lactación temperá pódese substituír por unha xovencas que a superará co seu rendimento a 305 días. Moi a miúdo escóitollas aos gandeiros dicir: “Non podo matala, aínda ten toda a súa lactación por diante”, pero economicamente isto non é rendible.

Outro punto a favor no mercado actual é que as xovencas teñen unha gran demanda nos países en desenvolvemento. Na miña última viaxe a Paquistán moitas das vacas que vin tiñan crotal holandés. A medida que medran as capacidades das explotacións lácteas en Asia e África oriental, a demanda de boas vacas aumenta o seu valor de venda.

▶ “EN EUROPA, ESTONIA É UN PAÍS FANTÁSTICO PARA A PRODUCCIÓN LÁCTEA, XA QUE CONTA CUN EXCELENTE SISTEMA DE REXISTRO E MONITOREO, E CUNHA DAS MELLORES XESTIÓNS QUE VIN NA REXIÓN”

Como está o prezo do leite no Reino Unido?

Os prezos do leite son sempre a pregunta máis popular en calquera reunión de gandeiros, sen importar o desempeño de cada un! No Reino Unido é o comprador quen determina o prezo e, en xeral, trátase dunha cadea de supermercados ou dunha industria grande. Normalmente os prezos páganse en volume, con algunhas bonificacións outorgadas a compoñentes que a industria ou o vendedor consideran que achegan un valor adicional, coma o contido de proteínas para o queixo ou o de ácidos graxos omega, por exemplo. As sancións aplícanse en recontos celulares altos, normalmente de máis de 250.000. Algúns compradores pagan máis que outros, o que fai que a discusión entre gandeiros sexa bastante acalorada, pero, polo xeral, os que pagan primas máis altas teñen esquemas de garantía de calidade máis estritos.

En xaneiro de 2019, o prezo medio do leite no Reino Unido foi de 30,6 peniques por litro (ppL) [0,35 €/l], un 2,9 % menos que en novembro. O rango é de 29,2 ppL a 31,7 ppL [0,33-0,36 €/l].

A que desafíos se enfrenta o sector lácteo británico?

Na miña opinión, o principal desafío neste momento é o gran descoñecemento dos mercados *postbrexit*: ninguén sabe como serán e, ao achegarse o prazo límite de saída da Unión en marzo, a comunidade agrícola estase poñendo moi nerviosa sobre como poden evolucionar as cousas. Outras cuestións importantes son a restrición do uso de antibióticos nas granxas, algo bo sempre e cando o benestar non se vexa comprometido, a dispoñibilidade de terras e o crecente temor dos medios de comunicación á xestión dos produtos lácteos, algo no que todos estamos traballando para mellorar a imaxe dunha industria da que deberíamos estar orgullosos.

Que países consideras que están mellor posicionados para a produción de leite nos próximos cinco anos?

Polo que vin nas miñas viaxes nos últimos dous anos, Asia terá un papel decisivo no futuro mercado do leite. Países como Corea e China están creando granxas de máis de 10.000 vacas. Por agora, a súa xestión non é moi boa, pero están importando asesores e aprendendo rapidamente para mellorar os seus servizos e, se continúan así, serán unha forza a ter en conta no escenario mundial.

En Europa, Estonia é un país fantástico para a produción láctea, xa que conta cun excelente sistema de rexistro e monitoreo, e cunha das mellores xestións que vin na rexión. A parte oriental de Alemaña, Hungría e Bulgaria tamén están ben situados para aumentar a súa participación no mercado, posto que teñen a vantaxe das cifras: é moi común ter máis de 1.000 vacas nunha granxa. Moitos investiron nos establos de produción, pero cando comece a facelo tamén nos de vacas secas e recría superarán a moitos dos países de Europa occidental en termos de potencial. ■

Para máis información, pode contactar con Mike Steele en:

Tfno.: +44 (0)7905 222 118

E-mail: mike@dairyconsulting.net

Web: <https://dairyconsulting.net/>

